

Xesús Veiga

O fracaso de dous modelos de unidade

praza.gal, 4 xulio 2019.

A recente oficialización da creba operada no Grupo Parlamentar de En Marea, constitúe o certificado do punto final da experiencia unitaria iniciada no mes de Xullo de 2016 e supón **o segundo gran proceso de división rexistrado, durante a presente década, no seo do universo do nacionalismo e da esquerda**. No ano 2012, os resultados da **Asemblea de Amio do BNG** abriron unha secuencia de fragmentación na fronte nacionalista que duraría até a primavera do 2016. Polo medio, a Alternativa Galega de Esquerdas (AGE) -coalición entre Anova e EU para comparecer na cita electoral do outono de 2012- **tamén padeceu unha dinámica escisionista que chegou a fracturar o propio grupo parlamentar**.

Cada un destes fenómenos pode ser explicado mediante unha combinación de causas debidamente contextualizadas no respectivo espazo temporal. Se houbera que seleccionar as mais determinantes, deberíanse citar dúas: a envergadura das diferenzas -no ideario e/ou no programa- asociadas á composición heteroxénea de semellantes formacións e a intensidade da disputa polo control das mesmas. Se, a partir desta enumeración, pretenderamos xerarquizar a relevancia de cada unha, atoparíamos moitas probas empíricas de que **a loita polo poder interno foi a que xogou un papel mais decisivo na evolución da confrontación e na ruptura final da converxencia preexistente**. O sucedido en Amio non se pode entender pola dimensión dos disensos sobre o patrimonio ideolóxico e político acumulado polo Bloque senón pola forte disputa arredor do control das estruturas da organización. No caso de En Marea ocorreu algo parecido: na dinámica destrutiva -que operou cunha extraordinaria velocidade-, as diverxencias derivadas das identidades dos sectores concorrentes no partido instrumental foron menos determinantes que a obsesión polo control da criatura demostrada por unha parte substancial dos promotores.

Na década dos 90 do pasado século, o BNG foi quen de acadar unha síntese satisfactoria entre a indiscutíbel pluralidade interna representada por diversos partidos e colectivos e a unidade dun proxecto común capaz de proxectar unha mensaxe exterior consistente que foi premiada por unha parte significativa do corpo social. **Vinte anos despois, aquela combinación virtuosa rachou e alterou notabelmente os niveis de confianza electorais acadados previamente**.

O nacemento de En Marea como partido pretendeu construír un lugar de encontro organizado que fose mais alá das tradicionais coalicións electorais para ser quen de integrar a un continxente heteroxéneo de persoas procedentes de distintas culturas políticas. A pesar da vontade explícita de representar unha expresión da unidade dos sectores -de adscrición nacionalista ou non- comprometidos nunha alternativa fronte ao dominio tradicional do bipartidismo, **o funcionamento práctico certificou a pervivencia de vellas tendencias hexemonistas e sectarias**. O fracaso colleitado na construción deste formato unitario resultou, ao cabo, tan indiscutíbel como ilustrativo.

Estas dúas experiencias, a pesar das evidentes singularidades coas que naceron e evoluiron, permiten tirar unha primeira conclusión para o futuro: **non é viábel agrupar nun mesmo espazo organizativo ás distintas correntes que se moven no ámbito do**

nacionalismo e da esquerda non vinculada ao PSdG. As reiteradas invocacións aos principios da “autoorganización” ou da “unidade popular” non abondan para garantir a continuidade daquelas forzas políticas que pretendan incorporar un abano amplo de sensibilidades no seu seo. A realidade demostra que, hoxe por hoxe, só resultan posíbeis fórmulas de cooperación construídas dende a independencia orgánica de cada parte. Mais unha vez, o que se proclama como desexábel e o que se constata como posíbel non coinciden.